

orama a oferta cultural no teu móbil

Estás tomando café cuns amigos no centro da cidade. Non tedes plan para esta noite? Saca o teu smartphone do peto e, de forma gratuíta, podes ter información de todos os eventos socioculturais que se celebren nun contorno de 20 quilómetros á redonda, ademais de consultar os horarios e os prezos das entradas. Queres saber como? É tan simple como descargar a aplicación Orama, **unha ferramenta desenvolvida en Galicia** que che axudará a planificar o teu tempo de ocio.

Con frecuencia, a oferta cultural viaxa a través do papel impreso para a súa difusión: folletos, postais, pósters, carteis, anuncios en prensa... Pero nun contorno web 2.0 como o que vivimos e en plena sociedade da comunicación, parece necesario buscar novas fórmulas de promoción máis efectivas para a transmisión da información sociocultural. Precisamente con este obxectivo naceu a aplicación Orama.

Coa colaboración da Universidade de Vigo, a empresa Contact Comunicación, que realiza a súa actividade no viveiro que a Cámara de Comercio de Ourense ten en Tecnópole (Parque Tecnolóxico de Galicia), desenvolveu unha novidosa ferramenta para a promoción de actividades de ocio e cultura específica para móbiles de nova xeración. "Dende hai tempo, vimos constatando que os métodos publicitarios máis convencionais,

baseados principalmente en sistemas de promoción intensivos en papel, xa non son tan eficaces para os anunciantes, ademais de supoñer un enorme custo para as entidades organizadoras”, explica César González, CEO de Contact Comunicación. “Orama, sen embargo, supón unha evolución no xeito de promoción destes entes, para dixitalizar esta información e ofrecérllela aos usuarios dunha forma máis dinámica e moderna. En definitiva, é un método máis efectivo, máis económico e respectuoso co medio natural e máis cómodo para os usuarios”, continúa César.

Pensada para concellos, teatros, cines, oficinas de turismo, fundacións, universidades, etc. de todo o territorio nacional, Orama acaba de iniciar a súa fase de comercialización en setembro. O modelo de negocio consiste en ofrecerlles aos anunciantes un servizo completo. As entidades só deben encargarse de enviar a información actualizada da súa programación por mail, e Contact Comunicación introdúcea no sistema para que estea dispoñible nos terminais dos usuarios. Deste xeito, podemos ter acceso de forma gratuíta a información cen por cen fiable e actualizada, as 24 horas do día e os 365 días do ano.

como utilizo Orama? Orama é unha aplicación para smartphones con Android e iPhone e basea o seu funcionamento en dous conceptos clave: o xeoposicionamento e todas as posibilidades que ofrece a realidade aumentada.

Só cómpre seguir estes sinxelos pasos para comezar a sacarlle partido:

1_ Descarga a aplicación no teu dispositivo móbil, ben dende Apple Store:

[<http://www.apple.com/iphone/apps-for-iphone/>]

ou ben dende Android Market:


[<https://market.android.com/?hl=es>].

2_ Activando a aplicación e enfocando o terminal cara o edificio que teña contratado o servizo, poderás ver na túa pantalla información das actividades relevantes ofertadas por dito ente: concertos, exposicións, conferencias...

3_ Ademais, mediante o posicionamento GPS, poderás ver tamén información sobre o resto das actividades que se celebren nun radio de 20 quilómetros á redonda.

4_ Orama permíteche personalizar a aplicación para que sexa máis efectiva. Podes seleccionar entre diferentes grupos de eventos para acceder só á información que che interesa: exposicións, teatro e cine, charlas e conferencias, concertos e bailes, eventos relixiosos, etc. O propio menú da aplicación tamén che deixa gardar eventos favoritos para que teñas agrupados todos aqueles que máis che gustan.

5_ Cada vez que un evento finaliza, a información desaparece do sistema, de modo que sempre tes información actualizada da oferta cultural.

6_ Finalmente, a aplicación tamén che permite redirixirte á web dun espectáculo en concreto para obter máis información ou a páxinas de venda de entradas. 

por M^a Jesús Méndez

máis información

Contact Comunicación

[www.contactcomunicacion.com]

Vídeo explicativo do funcionamento de Orama

[<http://xurl.es/ee6gk>]